

GRAZAS POLA VOSA ACTUACIÓN NESTE ANO DE ALUCINE!



AS NENAS E NENOS DE 3 ANOS



**TRABALLAMOS COS NOSOS
CONTOS FAVORITOS**





E QUEDÁRONNOS ASÍ DE BEN

SOMOS UN@S ARTISTAS



NA CLASSE
DE 4 ANOS



JA
ESTAMOS
PREPARADOS
PARA IR AO CINE.





FIXEMOS
UN XOGUETE
ÓPTICO QUE
REPRODUCE O
MOVEMENTO
DUNHA IMAXE.



A ARTE CHEGOU Á CLASE DE 5 ANOS

Versionamos o cadro máis famoso de Leonardo Da Vinci, a nosa amiga a Mona Lisa fai máis cousas que estar sentada.




Despois de aprender o que é un retrato, fixemos maravillas coas nosas caras.



Outro cadro apareceu na nosa aula, pero esta vez dunha árbore, e como non puxémonos mans a obra.



Como non somos capaces de estar quietos buscamos información sobre diferentes tipos de árbores, pero que é una árbore xenealóxica?



ANADAINA MAGOSTO


Un ano máis subimos ata arriba. Esta vez non saímos andando dende o cole senon dende a casa Forestal de Oia. Camiñando pola Serra da Grova pasamos polo castro de Chavella e chegamos ao Dado da Grova. De volta camiñamos ata o Curro da Valga. Despois quedamos alí facendo cabañas e as dúas recolleounos o autobús. (Nicolás 6º)



CAMPO A TRAVÉS

A mediados de novembro, os nenos e nenas de 4º, 5º e 6º fixeron unha pequena viaxe a...PRAIA DA LADEIRA. Alí participaron na proba de campo a través do programa XOGADE. Foi unha carreira moi boa, dunha milla aproximadamente. Un percorrido duro e con tramos de area na que correr resulta difícil.

Foron todos os coles do Val Miñor e o Baixo Miño e coñecemos a moitos nenos e nenas. Espero que repitamos para o ano que ven. (Pablo 6º)



RINGOL: COOPERACIÓN, IGUALDADE E INCLUSIÓN

Aquí tedes un deporte inventado nun colexio de Sevilla no ano 2017: O RINGOL. É un deporte moi divertido e entretido onde poden xogar como máximo 7 ou 8 persoas nun equipo. Neste deporte temos que ser cooperativos, igualitarios e inclusivos. Pasalo ben e...IMOS ALÓ!!! (Lucas 6º)

PISCINA 2º TRIMESTRE



RADIO ARRABAL

Ola nenos, nenas, pais, nais, e a todos os espectadores!!!

Neste maravilloso ano, os de 5º e 6º, están a facer os programas e podcast que poderedes escoitar tanto nos recreos como na páxina web do cole.

Para participar tedes que escoller un tema e facer un pequeno guión ... esperámosvos nos estudos da RADIO ARRABAL!!! Alá vai!!! (Pablo 6º)



A HORTA DO CEDO: VOZ NATURA

Xa temos a nosa horta producindo. Empezamos co horto do cedo que se planta no inverno e se recolle na primavera. Plantamos leituga, cebola, acelga, coliflor, repolo, brecol, berza, cebola xaponesa e patacas. Agora necesitamos sol, auga e que crezan. Si queredes participar no proxecto consultade co alumnado de 1º e 3º, eles son os agricultores.

(Gael e Carla 6º)

ANUNCIO PUBLICITARIO

EN PRIMICIA PARA A REVISTA O PARLADOIRO

GRAN ESTREA DA PELÍCULA

PARA GUSTOS... CORES!

PARA GUSTOS... CORES!

FICHA TÉCNICA

➤➤➤ Título orixinal: Para gustos... Cores!



Ano: 2023



Duración: 86 min.



Lugar: Oia



Dirección: Departamento Orientación



Guión: Mani, Nanol, Pictu e Tami



Música: Osfi, Pantón e Fine



Fotografía: Anpu e Vela



Reparto: Nanol, Escu e Bati



Xénero: Comedia



Idioma: Galego



Veredicto: Un argumento de primeira, que se desenvolve nun entorno inigualable, en mans duns actores e actrices estelares. Película tan divertida coma un día de excursión de fin de curso.

SINOPSE

Comedia galega moi divertida que conta unha historia de amizade entre persoas con orixenes e entornos diferentes.

É unha película que permite rirse a gargalladas e, ao mesmo tempo, reflexionar sobre a riqueza da diversidade. Asimesmo, mostra como é posible que persoas de entornos diferentes rematen sendo grandes amigos.

PREMIOS



Premios Bibli: Nominada ao Mellor guión orixinal



Galardón Radio Arrabal: Nominada á Mellor música e son



Distinción Comedores Escolares: Nominada á Mellor maquillaxe e perruquería



Gratificación Boulder: Nominada aos Mellores actores de reparto



Condecoración Plan de Convivencia: Nominada á Mellor película

NA SOCIEDADE EXISTEN PERSOAS CON CAPACIDADES OU
FUNCIONALIDADES DIVERSAS ENTRE SI

PARA GUSTOS... CORES!



DIRIXIDA POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PROXIMAMENTE NOS MELLORES CINES

Trailer oficial subtulado en galego

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremmanuelgarcia>

OS DE PRIMEIRO

Nesta nova etapa os menos e nenas de primeiro vivimos mil aventuras:



Acollemos a mascota.

Lili.



Lêronnos
contos.



Medimos o
tempo.

Exploramos
planetas



Observamos.



Fisicamos
pastais.



Celebramos
o Agosto.



Xogamos en
rincóns.



Fixemos unha
illa de zoo.



Ser ou non ser Fomos ao cine.
unha mazá.

Xestionamos
o comportamento.



Lili foi as nosas
casas.



Celebramos a
Samain



Delegados


Vixiamos a
prehistoria



SUPER CINÉFILOS DE SEGUNDO



ANDAINA NO MAGOSTO



SAÍDA A CORREOS



CINÉFILOS DO ARRABAL





FALANDO CLARO - REFLEXIONS DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ



SIN PELOS NA LINGUA PRODUCCIÓN

FALANDO CLARO

- REFLEXIÓNS -

... pensamentos e ideas sobre a violencia e a paz nos tempos que corren ...




O CAMBIO ESTÁ NAS NOSAS MANS

DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ 2023

Escanea o qr e bótalle unha ollada. 

con Roi Fernández - Andrés Álvarez - Mía Míguez
Andrés Castro - Azahara Álvarez - Lucas Álvarez - Alba Domínguez
Enzo Pacheco Piero Trigo - Brais Del Río
Dirección Sheila Vicente e Cristina García Cámara Manuela Trigo e
Mateo Rodríguez Música e son Almudena Pérez e Pablo Goce
Estilismo Luz Álvarez e Alex Campos

LUCES, CÁMARA: EDUCACIÓN



A LENDA DO COELLO DE PASCUA

Por que todos os anos me regalas un coello de chocolate?

Entón a avoa explicoullo contándolle a lenda do coello de Pascua:



"Cando Xesús morreu, levaron o seu corpo a un sepulcro, que estaba no interior dunha cova. Alí había un coello escondido que, moi asustado, viu como a xente entraba e choraba. O coello estivo con Xesús desde o venres ata o domingo de madrugada.



Entón, aconteceu algo sorprendente: Xesús levantouse e dobrou a saba coa que o envolveran. Despois, un anxo quitou a pedra que tapaba a entrada e Xesús resucitado saíu da cova.



Ao ver este feito extraordinario, o coello foi avisar as persoas que choraban, para dicirlles que estivesen alegres porque Xesús resucitara. Pero como non podía falar, levoulles un ovo pintado no que escribiu: "Xesús resucitou!".



Segundo esta lenda, desde entón, o coello sae cada Domingo de Pascua a deixar ovos de chocolate nas casas. E por iso, hoxe, os cristiáns regalamos coellos e ovos de chocolate para recordar que Xesús resucitou e debemos vivir alegres. E escondémolos para que os nenos e nenas os busquen e os encontren.



LOCURAS POLA CIENCIA



BENVIDOS E BENVIDADES AO LABORATORIO DE TERCEIRO



Aquí tedes a Marie Curie e a Albert Einstein aos que coñecemos este ano. Realizamos diferentes experimentos e divertímonos observando, analizando e aprendendo a través da experiencia.



E vos, queredes convertervos en científicos e científicas coma nós?



PROPOSTA: Unha lámpada de lava.

As lámpadas de lava en realidade son unha botella chea de auga, con moita luz, nas que soben e baixan burbullas continuamente. Que debes facer?

1. Énchede de auga un vaso até a metade.
2. Despois botade unhas pingas de cor (colorante ou témpera), mesturadeo ben.
3. O seguinte paso será encher o vaso con aceite até arriba e deixar repousar un intre.
4. Por último, tras pór unha luz debaixo do vaso, botade unha pastilla efervescente e observade o que sucede.




EDUCACIÓN E INTELIXENCIA EMOCIONAL



Na nosa aula o benestar psicolóxico é fundamental. Por iso aprendemos a recoñecer e xestionar as nosas emocións. Aceptámonos coas nosas virtudes e os nosos defectos. Todos os días esforzámonos por seguir construíndo e coidando as nosas relacións e seguir sendo o gran equipo que somos.

Queremos recomendarvos algúns dos nosos libros favoritos sobre este tema. Seguro que vos encantan tanto como a nós. Eh, sorpresa... tédelos dispoñibles na biblioteca do cole así que, aproveitade esta oportunidade!!

Si, son gorda.



Hoxe non xogas.



Todos menos un.



TRABALLOS DOS OPERARIOS DE 4º



**APRENDEMOS O QUE É A
SIMETRÍA AXIAL!**

**QUE INTERESANTE FOI O OBRADOIRO
DE RADIO, APRENDEMOS A FACER UN PODCAST!**





**FOMOS PADRIÑOS E
MADRIÑAS NO DÍA DO
LIBRO DOS MÁIS
PEQUENOS DO COLE!**

QUE ATENTIÑOS ESTÁN!



**QUE BEN O
PASAROOON.....!**

CINEMA THROUGH THE ENGLISH CULTURE

Na aula de Inglés tentouse acercar a cultura inglesa a través do cine, mediante a visualización e o traballo oral de diversas filmes e curtas ("Room on the Broom", "Klaus", "Lost and Found", ...). Ademais realizamos diferentes murais e exposicións acordes coas festividades que se estaban a celebrar en cada época do ano.



Do mesmo xeito, desde os máis novos ata o alumnado de sexto, levamos ao cabo diferentes actividades tanto orais



BOOK REVIEW by Nora

TITLE Stranger Things Upside down world.

GENRE

comedy	drama	action	historical	horror	fantasy	comics	biography
romantic	poetry	sci-fi	fairy tale	thriller	detective	guide	adventure

WHAT IS IT ABOUT?
(who? where? when? what? why?)

The story begins with four children in Hawkins. And a child disappears, the whole town is looking for him. When they found a girl named Eleven. Then she has superpowers, and answers where the boy who disappeared is.

COVER

WHAT DID YOU LIKE?

What I like most about the book is the story. The book includes a movie code, a drawing and a map, which is useful in the story. And it brings an explanation of each character.

WHAT DIDN'T YOU LIKE?

What I like least is what happens to the protagonist Eleven. Because a doctor experiments with her doing tests and tells her that he is her father.

DESCRIBE IT IN 3 WORDS
Exciting, fun and intriguing

YOUR RATING
10 / 10


LANGUAGE STUFF

A VIAXE ARTÍSTICA DO ALUMNADO DE 5º



Durante o curso os alumnos de 5º de primaria percorreron unha viaxe artística a través da obra do célebre pintor Van Gogh. A través de esa viaxe aprenderon distintas técnicas artísticas que plasmaron nos diferentes traballos propostos e realizados na aula.

Utilizamos diferentes técnicas traballadas na aula para facer propia representación dunha habitación.



Representación da primeira obra de Van Gogh.



Representación da obra "Os xirasoles"

DESCUBRINDO O MUNDO NATURAL QUE NOS ARRODEA

O 22 de Marzo fomos de excursión a recente casa forestal, que se atopa na contorna próxima o centro educativo.

Nesta visita rural, os alumnos aprenderon a importancia e a responsabilidade de cada persoa respecto ao coidado do medio natural.



Durante a visita as alumnas e alumnos realizaron diversas dinamikións relacionadas ca natureza. Como a plantación de diferentes tipos de árbores así coma o saneamento de outras.



ACOSO ESCOLAR - 6º

Fálase moito do acoso escolar, pero non sabemos moitas veces do que estamos a falar exactamente. Imos facer un artigo sobre este tema, intentaremos aclarar en que consiste, buscar medidas para eliminalo e por último faremos un rap sobre el.

Entendemos por acoso escolar: "Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro ou outros/as, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar". Teñen que darse uns criterios para a súa identificación:

- Existencia da intención de facer dano,
- repetición das condutas agresivas e
- a duración no tempo.

MEDIDAS QUE PODEMOS TOMAR

- Dicirlllo a un adulto.
- Prestar máis atención aos conflitos.
- Axudar as persoas prexudicadas.
- Non participar nunca nunha situación de acoso.



RAP

Non participes no acoso escolar porque aos demais vas a danar. Forza a unión para ter máis compaixón, porque a violencia non é a solución.

Axuda aos prexudicados e non te convertas nun dos malos. Se ves a alguén do que están abusando non o ignores e responde axudando.

A vida non se acaba porque alguén te faga dano, non te rindas, busca axuda, alguén te botará unha man, non teñas dúbida.

Sempre haberá algún cazurro por aí, pero nós estamos aquí. Se un compañeiro te rouba o bocata significa que é unha rata. Non fagas acoso, anaco de mocososo, pensa nos demais e usa o coco.

O acoso escolar non é so pegar, tamén insultar, ignorar e abusar. Acosador para de danar e deixa desfrutar.



PARLADOIRO



PDI ALUCINE!

**CURSO
2022 / 2023**